



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL PARA IMPARTIR XORNADAS DE SEGURIDADE VIAL NA ESCOLA DE VERÁN, DA CONTORNA DOS CONCELLOS DE CABANAS DE BERGANTIÑOS, PONTECESO, LAXE E MALPICA DE BERGANTIÑOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar coa FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e a Fundación Eduardo Pondal que permitan realizar varias actividades no ámbito da seguridade vial con menores na escola de verán que se celebrará na sede da fundación, casa reitoral de San Tirso de Cospindo, no Concello de Ponteceso, durante os días 22 de xullo a 23 de agosto de 2019, ambos incluídos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar a Fundación Eduardo Pondal consiste basicamente na





elaboración de xogos baseados na educación viaria, realización de simulacros, elaboración dunha guía responsable de boas prácticas e consellos e saídas nocturnas para familias con materias reflectores.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

